

DOSSIER DE PRENSA

XORNADAS
2023

DEMOCRACIA SECUESTRADA

AMEAZAS GLOBAIS E **AUTODEFENSA**

15, 16, 17 e 18
MARZO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ECOAR))).....	3
3. ÁGORA R.....	3
4. XORNADAS "DEMOCRACIA SECUESTRADA".....	4
5. OBXECTIVOS.....	4
6. PROGRAMA.....	4
7. RELATORXS.....	5
8. AS PALESTRAS.....	7
9. LUGAR.....	10
10. CONTACTO.....	10

XORNADAS DEMOCRACIA SECUESTRA DA: AMEAZAS GLOBAIS E AUTODEFENSA

1. INTRODUCCIÓN

Atopámonos ante un mundo hiperconectado e globalizado, no que axentes tales como empresas transnacionais, estados, e outros organismos, interactúan entre si nun modelo político e económico que se renova e pon en perigo os dereitos humanos e o medio ambiente. Ante este panorama, cambiante mais en permanente crise, e fronte ao auxe das posicións reaccionarias e de extrema dereita, cabe preguntarse se será abondo con empregar ou reformar as vellas ferramentas para facer fronte ás ameazas que nos atinxen ou se, por contra, será urxente crear outras novas.

Procurando respostas a estas inquedanzas, dende **ECOAR)))** organízanse as xornadas "**Democracia secuestrada: ameazas globais e autodefensas**" (Vigo, Marzo 2023), que nacen dentro do marco do proxecto **ágora R**.

2. ECOAR)))

ECOAR))) é un espazo de natureza global conformado por persoas que se coordinan, constrúen e actúan, dende o local ao internacional, para facer fronte ás inxustizas, creando alternativas e resposta social ao sistema. ECOAR))) é unha ferramenta de carácter independente que se apoia na acción directa, a presión pública, a sensibilización e a solidariedade, para denunciar, visibilizar e concienciar sobre os problemas globais relacionados cos dereitos humanos e o medio ambiente, así como para activar á cidadanía actuando de maneira efectiva a partir da análise, a planificación e a estratexia.

ECOAR))) pretende ser unha estrutura sólida, resiliente, creativa e efectiva para os movementos sociais e a cidadanía, que actúa para construír un sistema global baseado na xustiza, a ética e a dignidade, a través dos seguintes puntos básicos: anticapitalismo, antiglobalización, consumo responsable, defensa do público, defensa de DDHH, ecoloxismo, estado social e laico, horizontalización da sociedade, interculturalismo e non violencia.

3. ÁGORA R

Historicamente, a *ágora* foi o epicentro de construción da vida da cidadanía. Especialmente dende Maio do 68, cumpren a función de espazos de resistencia e disidencia.

ágora R é un proxecto de ECOAR))) que nace coa intención de pensar a realidade a través dunha ollada crítica, horizontal e proactiva poñendo no centro da análise as relacións de poder e contrapoder. **ágora R** pretende abrir un espazo onde a cidadanía poida adquirir ferramentas e recursos que lle permitan reflexionar sobre o seu papel como axente de cambio e vertébrase a través de tres eixos centrais:

- Analizar e comprender os procesos, teorías e situacións que conforman a estrutura e funcionamento do mundo actual, así como os seus compoñentes e protagonistas.
- Indagar e coñecer as ferramentas, repertorios e estratexias, así como as formas de organización e loita, que emprega o contrapoder ao longo do planeta.
- Estudar e entender os medios, persoas e estratexias, así como as formas de funcionamento e organización, que empregan a estrutura de poder, especialmente o corporativo e o goberamental.

4. XORNADAS "DEMOCRACIA SECUESTRA"

"*Democracia secuestrada: ameazas globais e autodefensas*" son unhas xornadas que discorrerán en Vigo, entre o 15 e o 18 de marzo de 2023. Esta iniciativa de ECOAR))) pretende analizar a complexa situación na que se atopan os sistemas democráticos na actualidade.

Nestas xornadas preténdese analizar as ameazas á soberanía popular por parte das corporacións e a extrema dereita, así como presentar como se lles fai fronte.

5. OBXECTIVOS

As **xornadas "Democracia secuestrada"** pretenden:

- Comprender en maior profundidade o funcionamento do sistema-mundo e dalgúns dos movementos sociais e políticos en auxe.
- Abrir un espazo onde a cidadanía poida reflexionar sobre o seu papel como axente do cambio.
- Coñecer alternativas, estratexias e ferramentas coas que facer fronte ás problemáticas derivadas do sistema político e económico actual.

6. PROGRAMA

- **Mércores 15 de marzo ás 18:30h:** "*Non esquecemos!! Neoliberalismo e ultradereita vs. Dereitos Humanos*" por Miquel Ramos.

- **Mércores 15 de marzo ás 20:30h:** *"Para todxs todo!! Crises, poder corporativo e resistencias ecosociais"* por Erika González.
- **Xoves 16 de marzo ás 20:30h:** *"Non pasarán!! Ecofascismo das minorías e autodefensas das maiorías"* por Carlos Taibo.
- **Venres 17 de marzo ás 20:30h:** *"Outra internet é posible!! Distopías e Utopías na rede"* por Proxecto UNA.
- **Sábado 18 de marzo ás 18h:** *"Non nos calarán!! Propaganda da ultradereita e como tratar con ela"* por Enrique del Teso.
- **Sábado 18 de marzo ás 20:30h:** *"Non hai planeta B!! Pactos Verdes corporativos vs. transición ecosocial"* por Alfons Pérez.

7. RELATORXS

Miquel Ramos

(Valencia, 1979) Xornalista e investigador valenciano especializado en extrema dereita, crimes e discurso de odio e movementos sociais. Fundador do xornal independente L'Avan, é Licenciado en Ciencias da Información e ten un Máster en Socioloxía e Antropoloxía. Colabora en medios como El Salto, La Marea, Público, Directa, ou The New York Times, entre outros; así como participa en tertulias en diferentes medios audiovisuais. Traballou na Comisión Española de Axuda ao Refuxiado (CEAR), coordinou o informe *"Dos neocon aos neonazis: a dereita radical no Estado español"* (Fundación Rosa Luxemburgo, 2021) e é tamén coautor do proxecto crimenesdeodio.info, que rescata a memoria das vítimas mortais do racismo, a homofobia e outras formas de intolerancia en no Estado español dende 1990. Ademais é autor de varios libros, o último *"Antifascistas: así se combatió a la extrema derecha española desde los años 90"* (2022).



Erika González

(Madrid, 1977). Investigadora do Observatorio de Multinacionales en América Latina (OMAL) – Paz con Dignidad. Estuda, investiga e realiza divulgación sobre as violacións de dereitos humanos e medioambientais perpetrados polas grandes empresas transnacionais, facendo fincapé

nas do IBEX-35 e as estratexias que empregan para seguir medrando, como as relacións coloniais norte-sur. Precisamente sobre esta última cuestión é sobre a que se escribe no seu último libro *A dónde va el capitalismo español*, do que é coautora con Pedro Ramiro. Erika González leva loitando contra o poder corporativo dende fai máis de quince anos e participa activamente na Campaña global “*Desmantelamos o poder corporativo e poñamos fin á impunidad*”.

Carlos Taibo

(Madrid, 1956). Escritor, editor e, ata 2018, profesor de Ciencia Política e da Administración na Universidade Autónoma de Madrid. Carlos Taibo é un referente estatal do decrecemento, o anarquismo, o movemento antiglobalización, a democracia directa e a autoxestión. Escribe regularmente en medios de diverso tipo e é fundador e membro do Consello Editorial da revista Sin Permiso dende o 2006. Ademais, Taibo é un prolífico autor de máis dunha trintena de libros sobre xeopolítica e transicións, cuxos últimos libros xiran arredor da Iberia baleirada, o colapso, a guerra de Ucraína ou o ecofascismo: “*No roncel da guerra de Ucraína. Unha glosa impertinente*” (2022), “*Ecofascismo. Unha introdución*” (2022) ou “*Anarquismos. Onte, hoxe e mañá*” (2022).



Proxecto UNA

Colectividade millennial de escritura enfocado en desenmascarar e monitorizar novos xeitos de fascismo na cultura e internet, que se ocultan baixo simboloxía aparentemente inofensiva. Proyecto UNA busca recoñecer e dar valor ás alianzas feministas forxadas na rede. Dende o

popular e comunitario, investigan as guerras culturais nos medios, internet e a realidade analóxica. Autorxs de “*Leia, Rihanna y Trump: de cómo el feminismo ha transformado la cultura pop y de cómo el machismo reacciona con terror*”.

Alfons Pérez

Enxeñeiro técnico en electricidade que traballa como investigador e responsable de proxectos no Observatorio da Débeda na Globalización (ODG), focalizado na transición ecosocial, é especialista en enerxía, clima e finanzas. Alfons Pérez encárgase da monitorización das políticas de seguridade enerxética da Unión Europea, especialmente centrado na súa dimensión exterior, en coordinación con outras organizacións europeas. Ademais forma parte da Xarxa



per la soberanía enerxética (Rede para a soberanía enerxética) promovendo alternativas enerxéticas dende a cidadanía, así como na Xarxa per la Justicia Climática (Rede pola Xustiza Climática) onde busca facer fronte á crise do clima actual. Ademais é autor de *"Pactos verdes en tiempos de pandemias. El futuro se disputa ahora"* (ODG e Libros en Acción, 2020).

**Enrique del Teso**

(Basauri, 1960) Doutor en Filosofía e Letras, é filólogo e profesor titular na área de Lingüística Xeral na Universidade de Oviedo, onde traballa en pragmática, comunicación e comunicación non verbal. Ademais impartiu clases de posgrao na Universidade de Massachusetts e en varias universidades de Latinoamérica. Con presenza regular en diversos medios (radio, xornais...), é un activo e posicionado ensaísta. Enrique del Teso é

autor de libros como *"La propaganda de ultraderecha y cómo tratar con ella"* (Trea, 2022) ou *"Más que palabras. La izquierda, los discursos y los relatos"* (Trea, 2019).

8. AS PALESTRAS**"Non esquecemos!! Neoliberalismo e ultradereita vs. Dereitos Humanos" por Miquel Ramos**

Os últimos anos están marcados polo crecente auxe e expansión da extrema dereita no norte global, especialmente na Europa. A crise do neoliberalismo ten provocado un contexto de crecente inestabilidade e tensión social que, especialmente dende o ano 2015, permite observar como se espalla este discurso a través das redes e os medios de comunicación ao

tempo que personaxes afíns a esta ideoloxía acceden ao poder en institucións, dende o local ata o supranacional.

A ultradereita e o neoliberalismo, nas súas múltiples e adaptables facetas, libran unha batalla cultural dende hai moito tempo contra os principios sociais hexemónicos que, ata fai ben pouco, parecían incuestionables. Dereitos xa conquistados e asentados están hoxe en discusión. Isto prodúcese por mor do espallamento dun discurso que pretende desprazar o que se considera aceptable e que se xustifica a través dun "relato do sentido común" para así reapropiarse de símbolos ao tempo que se resignifican palabras e conceptos.

É fundamental que aprendamos a lidiar con estas estratexias, identificándoas e deixando de alimentalas. Facer fronte aos instrumentos da extrema dereita pasa por facer unha construción autocrítica que explore fóra do propio marco para comprender o funcionamento de quen está ao outro lado. O exercicio e defensa dos Dereitos Humanos obríganos a entender a quen os ameaza para así poder facerlle fronte.

"Para todxs todo!! Crises, poder corporativo e resistencias ecosociais" por Erika González

O mundo actual caracterízase por un contexto de inestabilidade permanente. As continua de crises en cada plano trae consigo un incremento progresivo das desigualdades así como un maior destrozo do planeta. A situación de emerxencia climática deveu nunha crise ecolóxica que aparece interconectada coa crise estrutural do capitalismo. Nesta etapa do capitaloceno a clase político-empresarial esfórzase en reforzar a armadura creada polos Tratados de Libre Comercio (TLC) ao tempo que busca novos instrumentos que lle permitan incrementar os beneficios das grandes corporacións transnacionais, a pesar das graves consecuencias para o planeta e para os dereitos e liberdades das persoas. Pero neste contexto tamén aparecen resistencias que son quen de detectar e revertir o proceso; nacen novas regulacións que buscan limitar o poder das grandes corporacións ao tempo que pretenden que se responsabilicen e reparen o dano causado; e, sobre todo, nacen centos de iniciativas e alternativas que permiten achegarse a conformar outro sistema máis xusto. Un sistema que permita un desenvolvemento económico equilibrado e redistributivo que non sexa lesivo cos dereitos das persoas e co medio ambiente.

"Non pasarán!! Ecofascismo das minorías e autodefensas das maiorías" por Carlos Taibo

As circunstancias globais son as de crise recorrente, emerxencia climática, excepcionalidade pandémica, e pico e desabastecemento de materias primas enerxéticas. Isto, sumando ás bases previas de antecedentes coloniais e imperialistas, resulta nun caldo de cultivo axeitado para que unha selecta minoría, a elite político-empresarial, desexe e teña os medios como para asegurarse un acceso aos tan prezados e escasos recursos.

Ante este escenario de crise e colapso, mudan de xeito substancial algunhas condicións, tendo como consecuencia o que se vexan así abertas algunhas fendas e posibilidades. Propóñense mecanismos de acción e plantéxanse alternativas concretas e incluíntes dende diversas posicións para afrontar esta realidade.

Neste caso, non se trata xa só de facer fronte á crise climática, senón de facelo tamén ante o marco político, social e económico que se xera arredor da mesma. Trátase, pois, de que o colapso nos atope organizadas.

"Outro internet é posible? Utopías e distopías na rede" por Proxecto UNA

Internet e os seus usos, o mundo dixital, abranguen cada vez en maior medida máis espazo nas vidas das persoas. É a priori unha ferramenta con potencial para xerar espazos comúns democráticos, seguros e igualitarios. Porén, con moita frecuencia rematan sendo reflexos directos e perversos das opresións e violencias que nos atravesan na esfera máis analóxica das vidas. As intelixencias artificiais e algoritmos reproducen, ademais, os nesgos e discriminacións da sociedade na que habitamos, pois non son impermeables ao deseño e aos propios prexuízos de quen as programa. Pola súa banda, os discursos de odio e os bulos atopan na rede un medio a través do cal espallarse, diseminarse e medrar.

Porén, ademais dos marcos regulatorios macro, necesarios pero lentos, existen activismos dixitais con persoas que identifican, monitorizan e empregan a cultura pop, shitposting, memes, os medios e ferramentas propios, para librar a loita base anticapitalista e antifascista neste terreo.

Se o presente e o futuro son virtuais, haberá de ser un mundo habitable e xusto, onde sexan respectados, tamén, os dereitos humanos.

"Non nos calarán!! Propaganda da ultradereita e como tratar con ela" por Enrique del Teso

Como é frecuente ao longo da historia en situacións de crise económica e social, actualmente asistimos, con maior ou menor asombro, a un auxe de posturas que poden ser nomeadas como extrema dereita, ultradereita ou fascismo. Isto gaña especial relevancia se temos en conta o momento preelectoral no que nos atopamos.

Este tipo de movementos nótrese facilmente de contextos nos que os bulos ou fake news se espallan a gran velocidade, así como de coxunturas nas que os discursos demagóxicos e os falaces calan con facilidade. Deste xeito, a democracia resíntese, retrocedendo e perdéndose liberdades e dereitos xa conquistados aos que é inadmisible renunciar.

Con todo, mais tamén en consecuencia, rexorden, emerxen e reavívanse movementos de resistencia que buscan mitigar e frear a propagación destas ameazas á democracia. Será fundamental, para non ser partícipes involuntarixs deste proceso, a propia análise e autocrítica ante a propia asimilación e reprodución das súas perspectivas, ademais do coñecemento e práctica de estratexias de actuación contra as lóxicas da dereita. É

imprescindible saber manexar este fenómeno de cara a non ser espectadorxs deste retroceso, para non dar nin un paso atrás.

"Non hai planeta B!! Pactos Verdes corporativos vs. transición ecosocial" por Alfons Pérez

Capitalismo tardío, emerxencia climática. Atopámonos nun contexto de excepcionalidades no que as circunstancias mudaron dende a crise pandémica mundial.

Neste marco, grandes actores rivalizan pola cadea de valor da que se veu a chamar transición verde. O nivel de débeda pública ponse hoxe ao servizo das grandes corporacións e empresas transnacionais para a transición tecnolóxica, xerando estreitas alianzas entre o público e o privado. Mentres, en territorios asoballados do Sur Global, a extracción de materiais críticos como o litio teñen devastadores impactos para as persoas e para os ecosistemas nos que habitan, cada vez máis esgotados.

Considerando esta coxuntura, faise preciso a abordaxe da transición enerxética saíndo dos debates tecnolóxicos como cos que convivimos de cotío nos medios de comunicación de masas e na rúa (renovables, coche eléctrico, hidróxeno verde...).

Por unha banda, semella imprescindible organizarse para sermos quen de paliar as repercusións como poden ser fenómenos climáticos extremos. Por outra, será inevitable artellar alternativas de solución ante as consecuencias desta deriva e deste modelo, reformular, reconstruír, e repensar unha transición ecosocial que poña, finalmente, a vida no centro.

9. LUGAR

As xornadas desenvolveranse no *Café de Catro a Catro*, localizado na Rúa Girona 16, Vigo. Tamén se emitirán en directo en streaming nas RRSS de @ecoarglobal

10. CONTACTO

Correo: comunicación@ecoarglobal.org

Teléfono: +34 684 407 547

Web: agora-r.ecoarglobal.org e ecoarglobal.org

RRSS: @ecoarglobal e <https://linktr.ee/ecoarglobal>